

**VERBUM**

Casa das Palabras

**PRESENTACIÓN PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE 2011 E  
NOVAS TARIFAS E HORARIOS**

## **Programación 1º trimestre 2011**

O Verbum Casa das Palabras comeza o 2011 cunha programación centrada no mundo do libro, e a edición nas súas diferentes vertentes, dende o libro en formato tradicional ao dixital pasando polas bibliotecas viventes ou os homes libros, sempre dando unha especial relevancia aos autores e literatura galegos. Así, exposicións, programa educativo e cultural do museo mestúranse para dar a coñecer as diferentes formas de transmitir e salvagardar a nosa memoria: o libro nos seus diferentes formatos e enfocado dende unha posición ampla e interdisciplinar.

### **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS:**

O programa de exposicións temporais segue traballando nos soportes de escritura sen esquecer as principais figuras da nosa literatura. A través das mostras planeadas para este trimestre aqueles que nos visiten achegaranse dun xeito moi ilustrativo a todo o proceso de edición de libros, pero tamén poderán ver interesantes mostras de libros singulares, edicións de luxo e libros dixitais. Así mesmo a faceta máis literaria do mundo do surrealismo chegará ao museo dende a Fundación Granell cunha exposición na que as súas principais publicacións e unha importante escolma de poesía visual estarán ben representados con obras significativas do movemento. Seguimos traballando sobre a cultura galega e a memoria colectiva a través da música na cidade de Vigo. E o universo esperpéntico de Valle-Inclán así como as súas facianas máis caricaturescas estarán no museo a través da visión de Siro López.

## A Arte de Facer Libros

Do 12 de novembro de 2010 ao 6 de febreiro de 2011

Sala de exposicións temporais

Entrada gratuíta

Continuando coas liñas de traballo iniciadas no 2009 -coa exposición Scriptorium Verbumiense dedicada á elaboración de manuscritos na Idade Media e continuada no 2010 coa mostra sobre os Libros de Artista, unha interesante visión sobre o formato do libro- a Casa das Palabras presentou a finais do ano pasado outra exposición que investiga sobre os soportes de escritura.

A Arte de Facer Libros introduce ao visitante no mundo da edición: dende os diferentes procesos de elaboración de libros ás diferentes tipoloxías e clasificacións, facendo especial fincapé na labor que os coleccionistas e bibliófilos teñen neste apaixonante mundo do libro. Finalmente poderemos ver todo o proceso de edición do libro "Ángeles y Demonios" de Cunqueiro no centenario do seu autor, na exposición poderedes admirar as pranchas utilizadas para a súa ilustración ademais de coñecer múltiples anécdotas que alimentan a lenda sobre esta edición. Pero a exposición tampouco esquece o valor dos novos soportes que estarán presentes como medio de consulta e como catálogo da mostra. Poderemos ver edicións únicas, suntuosas e de prestixio de Cunqueiro, Ferrín, Seoane, Antón Reixa, Carlos Oroza, Unamuno, Lorca, Cernuda, Neruda, Quevedo, Góngora, Alberti ou Arzak, por nomear algúns, acompañados das ilustracións Seoane, Colmeiro, Castelao, Picasso, Menchu Lamas, Antón Patiño, Villalobos e outros grandes. E para o catálogo contamos cos textos de D. Juan Miguel Sánchez Vigil baixo a supervisión do Editor Álvaro Díaz Huici e Nieves Loperena. Todas as edicións estarán dispoñibles para consultar ao completo na versión dixital de xeito que non se perda nin unha soa páxina dos libros.

## Valle-Inclán, Palabra e Imaxe

Do 21 de xaneiro ao 27 de febreiro de 2011

Espazo central

Entrada gratuíta

A mostra “Valle-Inclán, Palabra e Imaxe” é un tributo que o Verbum quere facer ao insigne Valle-Inclán nos 75 anos do seu pasamento. Para a ocasión contarase cunha colección de retratos e caricaturas do artista Siro López que nos axudarán a comprender mellor as diferentes facetas e a profundidade da personalidade de don Ramón. Pero as celebracións van máis aló. O día da inauguración da mostra os músicos Teo Cardalda e María Monsonís, vincúlense ao proxecto presentando no salón de actos do Verbum poemas musicados, escritos en galego ou relacionados con Galicia por Valle-Inclán, presentando así en primicia o seu próximo traballo “Claves Líricas”. Estes mesmos poemas serán os que ilustren as obras de Siro e aqueles que poderán levar os que adquiran o Catálogo que funciona case a modo de poemario. Por último o autor das caricaturas ofreceranos unha conferencia sobre a ilustración e a literatura con Valle-Inclán como modelo.

## O obxecto poético e a edición: Dúas achegas dende o surrealismo

Do 17 de febreiro ao 1 de maio de 2011

Sala de Exposicións temporais

Entrada gratuíta

Con estas dúas achegas dende o surrealismo queremos amosar o obxecto poético como una metáfora do pensamento surrealista. A exposición aborda o surrealismo dende as súas vertentes máis achegadas ao feito literario: Un percorrido cronolóxico dende o 1920 ao 2000 polas principais revistas e edicións surrealistas e unha escolma de poesía visual representativa do

movemento. Así poderemos ver a poemática dende diferentes ángulos: o obxecto, a edición e a palabra. O movemento Surrealista non rematou coa morte de André Bretón se non que é un movemento que segue en activo na actualidade como se poderá ver nas revistas e obxectos da exposición. Nesta mostra realizada ad hoc dende o departamento de exposicións da fundación Granell para o Verbum poderemos ver obras de artistas tan insignes como Marcel Duchamp, Eugenio Granell, Susana Wald, Ludwing Zeller, Joana Domanska, Pastor de Moya, Franklin Fernández, Arturo Martínez, Antonio María Lisboa, Diseño Mimos S.A., Henry Chopin, J.L. Jover, Jose Miguel Ullán ou Antonio Gómez.

### Música en Branco: Memoria Musical da Cidade de Vigo

Do 3 ao 27 de marzo de 2011

Espazo central

Entrada gratuíta

A Casa das Palabras continúa con esta exposición os traballos que sobre o patrimonio inmaterial ben realizando dende hai tres anos. Música en Branco será unha actividade que a modo de exposición pretende dar cabida a un traballo de recollida de memoria, querendo crear con ela unha memoria colectiva da música e da radio na nosa cidade. Nestes momentos, da man do colectivo SinSal estanse a realizar estes traballos de recollida entre aqueles persoeiros máis relevantes da nosa cidade, pero a recollida está aberta a toda a cidadanía, de xeito que calquera que queira pode deixar a súa pegada na mostra. Unha vez editado todo este material poderemos ouvir cales foron as pezas e programas escollidos, o que configurará un mapa da nosa memoria e da música que marcou a nosa cidade.

## PROGRAMA EDUCATIVO

Co gallo das novas tarifas que establece a ordenanza municipal que permiten o acceso grauíto ao museo a todas aquelas persoas que acrediten o seu empadramento na Cidade de Vigo o museo quere dar a coñecer tódolos seus contidos. Para iso temos preparadas visitas comentadas grauítas á zona expositiva da primeira planta tódolos sábados e domingos ás 18h. Igualmente poderá realizarse unha visita comentada ás exposicións “A Arte de Facer Libros” e “O obxecto poético e a Edición: dúas achegas dende o surrealismo” tódolos sábados e domingos ás 17h. Os grupos formaranse sempre que así o soliciten os asistentes.

## ACTIVIDADES PARA NENOS E FAMILIAS

Seguindo coas actividades da Casa das Palabras para os máis pequenos o museo programa para este trimestre diferentes obradoiros que tratan de dar a coñecer os contidos das actuais exposicións temporais. Achegarémonos a elas, como sempre facemos, dende unha visión lúdica e cun alto compoñente didáctico e educativo.

### Falando coas Mans, obradoiros de monicreques

Domingos de xaneiro de 12 a 13:15  
Dirixido a rapaces de 3 a 12 anos  
Aula de didáctica  
1€ por asistente

O uso de monicreques é moi popular e atractivo para a maioría dos nenos e nenas. Para eles un monicreque é un personaxe máxico que os conduce á imaxinación e a creatividade. Cos obradoiros de Falando Coas Mans queremos achegarnos aos máis cativos da casa podendo

participar rapaces dende os 3 anos. Con estes talleres queremos fomentar a creatividade dos máis pequenos invitándoos a comunicarse a través dos monicreques que eles mesmos fabricarán. O último día poderemos gozar coa función e os escenarios que eles mesmos prepararon.

### Valle-Inclán, Palabra e imaxe

Domingos de febreiro de 12 a 13:30  
Dirixido a rapaces de 5 a 12 anos  
Aula de didáctica  
1€ por asistente

Co gallo das actividades realizadas ao redor da figura de Valle-Inclán no 75 aniversario do seu pasamento. Os obradoiros dominicais do mes de febreiro para familias estarán dedicados ao escritor. Os máis cativos, acompañados dos seus titores, poderán achegarse ás diferentes vertentes do universo valleinclanesco.

## **ACTIVIDADES PARA ESCOLARES**

Ademais das diferentes visitas-taller adaptadas a tódolos currículos escolares que os centros educativos poden realizar no noso museo, o Verbum programa unha serie de actividades que inciden en aspectos que nos parece interesante destacar dende unha Casa das Palabras. Os que se achegan aos nosos itinerarios poden facer percorridos pola historia da escritura e os seus soportes, pero tamén pola comunicación non verbal, polas tradicións e expresións orais, e incluso polas diferentes falas do mundo. Paralelo a estes itinerarios que os centros poden combinar coas visitas ás exposicións temporais, temos neste trimestre unha ampla oferta de

actividades teatrais e literarias que completan o noso programa educativo. A memoria e a transmisión da nosa cultura son os eixes principais destas actividades nas que os rapaces poderán incluso ler auténticos libros viventes.

### Verbum Fahrenheit

De martes a venres do 1 ao 11 de febreiro de 2011  
Quendas ás 10 e ás 12h.  
Dirixido a educación secundaria e bacharelato  
Salón de Actos  
Entrada gratuíta con reserva previa

Verbum Fahrenheit é un espectáculo interactivo e didáctico baseado na novela Fahrenheit 451 que combina a narración, a música en directo, e os monicreques para contar a historia dos homes libro. A temática da peza vira sobre a importante relación que se establece entre a oralidade e a escrita e como existen pontes nun e outro sentido que fan que unha lingua se manteña viva. A dramaturxia está construída en base a textos canónicos da literatura galaicoportuguesa de grandes autores como Camoes, Pessoa, Blanco Amor, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro...

### As Bibliotecas Vivintes: Os Tesouros Vivos

De martes a venres do 15 ao 18 de febreiro de 2011  
Quendas ás 10 e ás 12h.  
Dirixido a educación secundaria e bacharelato  
Por todo o museo  
Entrada gratuíta con reserva previa



O Verbum – Casa das Palabras súmase con esta iniciativa -grazas á proposta do Servizo de Normalización Lingüística que auspicia e produce a actividade- ao Proxecto “Books 21”, dentro do programa “Lifelong Learning” da Dirección Xeral para a Educación e a Cultura da Unión Europea, co que se busca difundir a nivel local a realización de Bibliotecas Videntes.

Unha Biblioteca Vivente (Living Library) é unha biblioteca na que os libros son persoas. Persoas con singulares historias de vida ou que posúen determinados coñecementos e que difunden a súa experiencia a través da interacción, entrevista e diálogo cos usuarios/as. Para ser un Libro non cómpre ser unha eminencia ou recoñecido estudoso, senón contar con experiencia vital ou saberes cos que poder ilustrar a outras persoas que descoñecen e teñen curiosidade. Todos somos potenciais Libros e Lectores. Así os alumnos que se acheguen a esta actividade poderán ter a experiencia de ler nestas bibliotecas viventes.

### Vicentiño e as árbores da paz

De martes a venres do 22 ao 25 de febreiro e marzo de 2011

Quendas ás 10 e ás 12h.

Dirixido a rapaces de 6 e 7 anos

Salón de Actos

Entrada gratuíta previa cita

De novo da man do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo o Verbum acollerá durante dúas semanas esta interesante actividade baseada no teatro de sombras e dirixida por Servando Barreiro que como ven sendo habitual nas actividades que dirixe pretende achegar aos cativos dunha forma lúdica ao mundo do libro e a literatura, creando imaxes apaixonantes e atmosferas sorprendentes que conseguen abraiar aos máis pequenos. Grazas á música, o bardo

Abelardo conseguiu traducir á linguaxe dos humanos os sentimentos dos seres que moran nos bosques, dos ríos e dos mares. Así coñeceremos a historia dun paxaro que descobre que nas pólas das árbores aniña a palabra paz, a dun carballo que naceu na bota dun soldado, a dun trasno que vai deitando lixo pola mata...

### Nunca menos

De martes a venres do 29 de marzo ao 01 de abril de 2011

De 11 e ás 12'30h.

Dirixido a rapaces de secundaria e bacharelato

Salón de Actos

Entrada gratuíta previa cita

O espectáculo Nunca Menos trata de dar unha nova visión sobre a historia de Galicia, tratando de afondar dende o Verbum en diferentes aspectos da nosa cultura conectando coa liña de traballo aberta o ano pasado coa exposición temporal coa mesma temática.

## **ACTIVIDADES FORMATIVAS**

Os obradoiros e cursos para adultos tamén teñen un lugar na programación deste primeiro trimestre do 2011. A actividade que ofertaremos centrarase moi especialmente nos obradoiros de lectura sobre pensamento contemporáneo e nos seminarios de filosofía política. A figura de Valle-inclán estará representada a través da conferencia sobre o autor como fonte de traballo para a ilustración e a escritura. Igualmente para pechar a exposición da arte de facer libros teremos unha charla-coloquio sobre o papel da bibliofilia e o traballo dos editores. Teremos así mesmo un pequeno seminario de cine que fará un percorrido pola linguaxe cinematográfica.

### Emilio Sdum, experiencias de un editor

Mércores 2 de febreiro de 2011  
De 19 e ás 20h.  
Aula de Seminarios  
Entrada gratuíta

Para pechar os traballos realizados sobre a elaboración de libros e a súa edición contaremos no Verbum co editor Emilio Sdum. A través das súa dilatada carreira profesional no mundo da edición poderemos escoitar as claves do mundo da edición e o traballo que supón a realización de edicións singulares.

### Obradoiro de Cine, as linguaxes cinematográficas ao longo da historia

Martes 8 e xoves 10 de febreiro de 2011  
De 19 a 20h.  
Aula de Seminarios  
Entrada gratuíta

En dúas sesións este obradoiro será un taller teórico-práctico no que ademais de catalogar o cinema e as súas imaxes visionaremos extractos de filmes e traballaremos con ferramentas web (mediawiki) para desenvolver paralelamente foros e espazos de discusión e debate sobre o visto. O propósito é sempre permitir incluso esixir ese vínculo entre cinema/imaxe e escrita/discurso de tal modo que un inflúa e produza sobre o outro nunha sorte de circuíto interactivo.

## Ilustración e Literatura con Valle-Inclán como modelo

Venres 18 de febreiro de 2011 ás 20h.  
Aula de Seminarios  
Entrada gratuíta

O autor das caricaturas que podemos ver na mostra Valle-Inclán palabra e Imaxe exporá as súas teorías sobre a figura de Don Ramón e como pode servir de modelo de traballo para novas creacións artísticas e culturais.

## Seminario de Filosofía Política

Febreiro de marzo de 2011  
Aula de Seminarios  
Entrada previa inscrición

O Verbum Casa das Palabras acollerá a 17ª edición do Seminario de Filosofía Política no que, a través de 10 sesións desenvolvidas en dous días por semana os asistentes farán un percorrido, acompañados por un doutor no tema e no autor a tratar, sobre autores como Laclau, Ziek ou Butler entre outros.

## PROGRAMA CULTURAL

A música estará representada este mes da man de Teo Cardalda e María Monsonís que farán a presentación en primicia das primeiras pezas do seu novo traballo poético musical de “Claves Líricas”. **Venres 21 de xaneiro 20’30h.**

Poderemos gozar coa danza no festival Cidades que Danzan, cuxa cita no museo estará este ano dedicada á memoria, segundo a temática de traballo de moitas das actividades. Así Alexis Delgado ao piano e Carlota Pérez como bailarina presentarán “Luz en el agujero” un traballo sobre a memoria e a desmemoria, e sobre a importancia da nenez nas nosas vidas. **Xoves 24 de febreiro 20h.**

As novas tendencias no mundo escénico virán da man do festival Alt. que nesta décima edición pretende traballar, a modo de celebración deste aniversario, en tódolos espazos que nalgunha das súas edicións participamos e fixemos posible a súa posta en escena.

A poesía terá un especial tratamento para na fin de semana do **19 de marzo**. Para conmemorar o día internacional da poesía (21 de marzo) prepararemos unha programación especial chea de recitais e poesía entre eles Lucía Camón (20 de marzo) acompañada de Teresa García e Xose Manuel Esperante así como persoeiros como María Lado, Leticia Costas ou Miguel Valverde que porán comezo ás nosas novas Merendaceas (28 de marzo), nas que poderemos degustar á mellor poesía galega.

O teatro terá tamén o seu lugar dentro da programación cultural coa posta en escena de Nunca Menos esta vez na súa versión para público adulto. A cita será o **domingo 27 de marzo ás 19h.** coincidindo co día mundial do teatro.

## INFORME NOVAS TARIFAS 2011

Segundo a ordenanza número 43 “Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do museo Verbum – Casa das Palabras” para este ano 2011, cómpre salientar estas novas modificacións que esperamos sexan moi ben acollidas por todos os vigueses, xa que fundamentalmente serán eles os destinatarios finais favorecidos.

Así, a **tarifa reducida (1 €)** amplíase aos usuarios con carné de estudante alén do carné xove que xa estaba estipulado na ordenanza anterior; as persoas xubiladas, pensionistas, empregadas e discapacitadas así como as familias numerosas (previa acreditación) poderán seguir gozando desta entrada reducida. Para os grupos numerosos establécese en 10 o mínimo de persoas que o ten que conformar (na ordenanza anterior estaba estipulado en 20).

Igualmente terán entrada reducida os nenos de 8 a 14 anos (ambos incluídos), os grupos escolares de centros de ensino de fóra do Concello de Vigo, agás os de primeiro e segundo curso de primaria que terán entrada gratuíta en todos os casos, tarxetas turísticas ou promocións promovidas ou aceptadas polo Concello de Vigo e finalmente os grupos que desenvolvan actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

En canto á **entrada gratuíta** ao museo Verbum – Casa das Palabras a gran novidade publicada nas ordenanzas de prezos públicos para este ano 2011 é que todos os visitantes que co documento nacional de identidade, certificado de empadramento ou calquera outro documento que acredite a súa veciñanza no Concello de Vigo gozará de entrada gratuíta. Así mesmo, as visitas de grupos escolares de calquera nivel educativo, sempre que o centro de ensino se ubique no Concello de Vigo ou de primeiro e segundo curso de educación primaria independentemente da situación do centro escolar terán entrada de balde.

Queda estipulado o día 25 de abril (Aniversario do Verbum) e o día 18 de maio (Día Internacional dos Museos) como días relevantes con entrada gratuíta para todos os usuarios que queiran participar da programación especial destes dous días.

Exténdese tamén este ano a entrada gratuíta aos usuarios de actividades programadas no Salón de Actos, Aula de Seminarios ou Vestíbulos do Museo Verbum – Casa das Palabras.

Os nenos/as ata 7 anos seguirán gozando de entrada gratuíta, así como o profesorado de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos ou equivalentes, os guías turísticos e monitores de xente discapacitada, de actividades infantís e xuvenís, os grupos que desenvolvan actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e persoas asociadas a entidades coas que se subscriba un acordo ao efecto co Verbum ou coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Para o resto dos usuarios a **entrada xeral** queda fixada de novo en 3 €.

En canto ao **horario de verán** queda estipulado como segue:

De 10 a 14 horas e de 17 a 21 horas (do 15 de xuño ao 15 de setembro, ambos incluídos).

Horario de inverno: de 10 a 19 horas (do 16 de setembro ao 14 de xuño, ambos incluídos).

Os **días que pecha o museo**, ademais dos que xa están regulados (luns non festivos, 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro), pecharase tamén os días 24 e 31 de decembro.

## RELACIÓN VISITANTES 2009-2010

Número total de visitantes ano 2009: 36.560

Número total de visitantes ano 2010: 42.905

O museo Verbum pechou o ano 2010 cun incremento total de 6.345 visitantes con respecto ao ano anterior.